



locales interesadas, en el plazo de un mes, o, alternativamente recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado Provincial de lo Contencioso-Administrativo, en el plazo de dos meses, sin que se puedan simultanear ambos recursos, todo ello de conformidad con lo dispuesto en los artículos 52 de la Ley 7/1985, 116 y 117 de la Ley 4/1999 y 46 de la Ley 29/1998, modificada por la Ley orgánica 19/2003, de 23 de diciembre, así como legislación concordante. Los plazos indicados se computarán a partir de la publicación de este anuncio.

Ourense, 8 de febrero de 2008. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.

R. 644

## Deputación Provincial de Ourense

### Anuncio

A Corporación Provincial, na sesión do 21 de decembro de 2007, aprobou inicialmente a Ordenanza provincial reguladora do servizo de asistencia a entidades locais.

Unha vez sometida a información pública, mediante anuncio inserido no BOP n.º 299, do 31 de decembro de 2007, durante o prazo de 30 días hábiles, non se formulou ningunha alegación ou reclamación, quedando aprobada definitivamente, polo que se publica a continuación o texto íntegro da dita ordenanza.

Ordenanza reguladora do servizo de asistencia a entidades locais da Deputación Provincial de Ourense

O actual deseño institucional das deputacións provinciais de réxime común configura a estes gobernos locais intermedios como organismos orientados, de forma principal (aínda que non exclusivo), a servir de apoio ós concellos para garanti-la prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal no conxunto do territorio. O elemento máis claro deste deseño é, sen dúbida, a propia composición da deputación provincial como unha corporación de segundo grao, integrada exclusivamente por concelleiros elixidos por e entre si en cada distrito xudicial. Son os concelleiros, e non os cidadáns, os que elixen ós deputados provinciais, o que revela a clara vocación municipalista da deputación provincial.

Para a realización desta función, a lexislación básica de réxime local asígnalles ás deputacións provinciais distintas competencias, que abarcan un variado abano de actuacións. Así, o artigo 36 da Lei de bases de réxime local atribúelles ás deputacións a "coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da súa prestación integral e adecuada" (coordinación que debe entenderse no sentido dunha "coordinación cooperativa", e non dunha coordinación no sentido pleno do termo) e "asistencia e cooperación económica, técnica e xurídica ós municipios, especialmente ós de menos capacidade económica e de xestión" (artigo 36.1. a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local). Pola súa parte, a lexislación galega de réxime local reproduce eses títulos competenciales, limitándose a un mínimo desenvolvemento normativo que, no que afecta ós servizos provinciais de asistencia, se cingue a unha enumeración xenérica dos seus contidos esenciais.

Dentro destas funcións de apoio ós concellos que a lexislación de réxime local lles atribúe ás deputacións poden distinguirse dúas modalidades de acción provincial substancialmente diferentes entre si: dunha parte, a cooperación propiamente dita, e doutra, a prestación dos servizos de asistencia. A función provincial de asistencia consiste, esencialmente, en facilitarlles ós concellos unha serie de prestacións especializadas, de carácter técnico, xurídico ou administrativo, que propiamente non implican ó goberno provincial na xestión dos servizos municipais, limitándose a ofrecerlles ós concellos (e demais entidades

locais, se é o caso) un soporte técnico e puramente instrumental para a súa acción de goberno. En cambio, nas relacións de cooperación a Deputación Provincial implícase, por vontade dos propios concellos, na xestión das obras e os servizos municipais, colaborando no seu financiamento e/ou participando na toma de decisións políticas e administrativas, podendo mesmo chegar á asunción do exercicio delegado das competencias municipais. Desde este punto de vista, as diferenzas entre ambas formas de apoio ós concellos son evidentes, o que xustifica a distinción conceptual apuntada.

Esta ordenanza cingue o seu obxecto á regulación dos servizos de asistencia, entendidos co alcance que se acaba de sinalar, e non contempla, polo tanto, as relacións de cooperación, que, se é o caso, deberán ser obxecto dun desenvolvemento normativo específico a través dunha futura ordenanza de cooperación.

A conveniencia de elaborar unha ordenanza para a regulación deste servizo reside no feito de que se trata dunha competencia provincial que adoece dunha certa indefinición no actual marco lexislativo, ó limitarse as leis de réxime local a enunci-la súa existencia e a un mínimo desenvolvemento do seu contido. Correspondéndolle, desde logo, á propia Deputación Provincial de Ourense efectuar ese desenvolvemento normativo, en exercicio da súa potestade regulamentaria, co fin de establecer un marco que defina con maior precisión os obxectivos xerais, o contido, as fórmulas de planificación e programación e os procedementos ós que debe someterse a acción asistencial da administración provincial. Cabe advertir que, no caso dos servizos de asistencia, a Deputación Provincial de Ourense xa dispoñía dunha normativa propia, aprobada no ano 1993, cuxo contido precisaba, en todo caso, dunha actualización, dado o natural desfase que o paso do tempo produciu nesa regulamentación.

Recentemente, ademais, os servizos de asistencia ós municipios da Deputación Provincial de Ourense foron obxecto dunha fiscalización por parte do Consello de Contas, referida ó exercicio 2004. Certamente, os resultados da fiscalización permiten adverti-la existencia dun servizo cun bo grao de aceptación dos concellos, destacando algúns aspectos positivos do servizo, como, por exemplo, o feito de que a Deputación Provincial de Ourense é a única deputación galega que actualmente dispón dun funcionario de habilitación estatal dedicado exclusivamente a garanti-lo exercicio das funcións reservadas nos concellos de menos de 5.000 habitantes (existindo ademais unha segunda praza vacante que será cuberta en breve); ou o feito de que os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense sexan os que presentan un mellor índice de rendición de contas ó Consello entre tódolos concellos galegos, téndose comprobado ademais que esa rendición se fai con maior celeridade no caso dos concellos que recibiron asistencia da Deputación para este fin; doutra parte, e a diferenza doutras deputacións provinciais, a Deputación de Ourense presta asistencia en tódolos ámbitos previstos na lei, malia que cun alcance desigual. Non obstante a existencia destes aspectos positivos, a fiscalización puxo de manifesto determinadas debilidades ou deficiencias, ás que é obrigado pñer remedio. En concreto, o Consello de Contas formula catro recomendacións, co seguinte contido:

1ª) Implantar mecanismos de coordinación efectivos entre as distintas unidades que realizan funcións de asistencia.

2ª) Amplia-lo alcance de tódalas funcións de asistencia realizadas.



3ª) Adopta-las medidas necesarias para incrementa-lo nivel de coñecemento do servizo por parte dos municipios da provincia.

4ª) Mellora-los mecanismos de planificación da actividade e de comunicación entre o Servizo de Asistencia e os concellos co obxectivo de incrementa-lo nivel de información do servizo sobre as necesidades dos concellos e sobre o seu grao de satisfacción cos servizos prestados.

Certamente, os instrumentos e medidas necesarias para implementa-la asunción destas recomendacións son diversos, e moitas delas non parecen precisar da elaboración dunha nova ordenanza. Así, para cumprir coa recomendación recollida no apartado 3º podería bastar cunha serie de campañas de información e coa inclusión de contidos informativos na páxina web da institución; no que se refire á recomendación 1ª, é evidente que precisa sobre todo de medidas de organización interna, que deben te-la súa plasmación na Relación de postos de traballo e nas instrucións concretas que se impartan para a boa marcha do servizo; pola súa parte, a recomendación 2ª precisa, para ser levada a efecto, da adopción de diversas medidas, que poden implicar desde o incremento dos medios afectos ó servizo ata a implantación de fórmulas de xestión diferentes (incluído, se é o caso, o recurso a fórmulas de xestión indirecta a través de empresas especializadas).

Non obstante, nunha reflexión máis atenta, advírtese enseguida que, de todas estas recomendacións, a máis importante seguramente sexa a última, é dicir, a cuarta recomendación que fai o Consello de Contas: mellora-los mecanismos de planificación da actividade e de comunicación entre o Servizo de Asistencia e os concellos, co obxectivo de incrementa-lo nivel de información do servizo sobre as necesidades dos concellos e sobre o seu grao de satisfacción cos servizos prestados. Esta recomendación é sen dúbida a máis importante de todas porque se dá a circunstancia de que do éxito na súa posta en práctica depende, en gran medida, o éxito na realización do resto de recomendacións, polas seguintes razóns: en primeiro lugar, porque non é posible mellora-la calidade do servizo se antes non se dispón de información fiable e periodicamente renovada sobre as necesidades reais dos concellos; non é tampouco posible acadar unha boa coordinación dos servizos de asistencia se non existe unha planificación previa destes; e, dende logo, non hai mellor xeito de planificar que coa participación dos destinatarios do servizo - os concellos e, se é o caso, as mancomunidades - e non hai mellor xeito de manter informados ós concellos da existencia do servizo que implicalos activa e efectivamente no seu deseño e programación.

Pero, sen dúbida, non é posible proceder a esa planificación se previamente non se establecen os mecanismos que garantan a súa obrigatoriedade e que establezan as canles de participación dos concellos nes plans. E para isto o mellor instrumento é, sen lugar a dúbidas, unha nova ordenanza, que contemple expresamente a necesidade de introducir ese principio de planificación e programación na xestión do servizo, e que estableza a obrigatoriedade deses procedementos, regulando a súa tramitación.

A elaboración e aprobación da presente ordenanza responde, pois, á vontade tanto de actualiza-la regulamentación do servizo como de dar resposta, na medida do posible, ás recomendacións do Consello de Contas, partindo de que unha axeitada planificación do servizo é a clave para a posta en práctica das ditas recomendacións. Deste xeito, os obxectivos da presente ordenanza poden resumirse en tres:

- En primeiro lugar, mellora-la regulación preexistente, actualizándoa e introducindo modificacións naqueles aspectos nos

que a experiencia da súa aplicación así o aconsellou, particularmente no senso de racionalizar e simplifica-los procedementos de acceso á asistencia e mellora-la súa calidade;

- En segundo lugar, introducir fórmulas que posibiliten unha participación real e efectiva dos concellos na definición das políticas provinciais de asistencia;

- En terceiro lugar, establecer procedementos efectivos de avaliación, planificación e programación das actividades asistenciais.

A ordenanza estrutúrase en tres títulos, do seguinte xeito: un título I, co obxecto de regula-los principios xerais na materia; un título II dedicado a defini-lo concepto e contido da acción de asistencia, nas súas distintas modalidades; e, por último, un título III no que se establecen as fórmulas de avaliación das necesidades e programación e planificación das actuacións para realizar, garantindo a participación dos concellos.

Polo que se refire ós principios xerais do título I, pretenden constituír un marco preciso - sen prexuízo da súa natural xeneralidade - que oriente e encamiñe a acción asistencial da Deputación, sen predetermina-la súa configuración concreta (que será tarefa, en cada momento, do goberno provincial, a través dos procedementos establecidos) pero si establecendo os límites ós que esa acción debe acomodarse en todo tempo. Estes principios son, en primeiro lugar, o de respecto á autonomía municipal (pois a finalidade da asistencia non pode ser nunca a de someter ós concellos ás directrices da administración provincial, senón, pola contra, a de facilitarlle-los medios para desenvolve-las súas propias políticas, sen prexuízo da necesaria coordinación e congruencia desas políticas municipais co obxectivo do interese xeral); neutralidade (dado que a acción provincial debe ser neutral e non acharse influenciada pola cor política dos distintos gobernos municipais); igualdade de trato e non discriminación (co fin de garantir un tratamento equitativo ós distintos concellos); transparencia (pois resulta necesario que as accións de asistencia, o seu volume, contido e distribución no territorio sexan coñecidas polos concellos e polos cidadáns) e eficacia, eficiencia, planificación e programación (dado que resulta inescusable o respecto ó principio constitucional de eficacia, recollido no artigo 105 da Constitución, así como ó de eficiencia - pola esixencia de administrar correctamente uns recursos sempre escasos -, para o que, en fin, se considera preciso planificar e programar minimamente as accións neste ámbito, co fin de poder conciliar, dende unha perspectiva global, as diferentes demandas municipais ás que a Deputación debe dar resposta); principio de supletoriedade ou complementariedade (en virtude do cal a asistencia suplirá ou complementará actuacións ou actividades municipais); principio de petición municipal (que determina que a intervención da administración provincial só poderá producirse cando sexa solicitada polo goberno local interesado, e nunca de oficio) e o principio de capacidade económica (en virtude do cal terán carácter prioritario, como beneficiarias do servizo, as entidades locais de menor capacidade económica).

Neste título regulanse, ademais, outras cuestións de carácter xeral, como a posibilidade de establecemento de taxas ou prezos públicos polos servizos asistenciais (establecendo, non obstante, que determinados servizos se rexerán polo principio de gratuidade) e a posibilidade de emprega-las distintas fórmulas de xestión dos servizos públicos que prevé a lexislación de réxime local para a prestación dos servizos de asistencia.

No que se refire ó Título II, recóllense os distintos tipos de asistencia por razón da materia que pode presta-la Deputación Provincial, relacionándose as prestacións básicas en que consisten - que estarán dispoñibles con carácter permanente para a



xeneralidade dos concellos e entidades locais da provincia - e prevíndose, ademais, a posibilidade da súa ampliación a través dos plans provinciais de asistencia regulados no Título III. Na regulación dalgunhas destas modalidades de asistencia introdúcese importantes novidades en cuestións de detalle, como, por exemplo, o establecemento dos supostos nos que procede a prestación de asistencia xurídica en materia penal ou os supostos de asistencia en procedementos relacionados con conflitos entre distintas entidades locais. Doutra banda, introdúcese unha regulación detallada do contido do servizo de asistencia para a garantía do exercicio das funcións reservadas a habilitados estatais, dada a importancia e a especial casuística deste servizo.

Polo que atinxe ó Título III, recóllense, dunha banda, unhas normas xerais de procedemento para a prestación dos servizos de asistencia, así como sobre a súa organización; e, en segundo lugar, introdúcese a figura dos plans anuais de asistencia, que constituirán o instrumento básico para a determinación das necesidades e o establecemento de programas concretos de actuación, elaborados coa participación dos concellos. A ordenanza regula o contido destes plans, así como o procedemento para a súa elaboración, ó tempo que se prevé a posibilidade de elaborar plans especiais referidos a modalidades específicas de asistencia.

Título I: Principios xerais.

Artigo 1º.- Obxecto.

1. Constitúe o obxecto desta ordenanza provincial a regulación do servizo de asistencia da Deputación Provincial de Ourense ós concellos e demais entidades locais da provincia.

2. O servizo provincial de asistencia a municipios e entidades locais é un servizo público de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, e comprende a prestación de servizos especializados de apoio ó funcionamento das administracións locais beneficiarias, nos termos establecidos na presente ordenanza, abrangendo os seguintes ámbitos:

- a) Asistencia para o exercicio das funcións reservadas a funcionarios con habilitación estatal.
- b) Asistencia xurídica e administrativa, en xeral.
- c) Asistencia na xestión económico-financeira, contable e orzamentaria.
- d) Asistencia en materia de informática e novas tecnoloxías.
- e) Formación continua do persoal e cargos electos ó servizo das administracións locais.
- f) Asistencia para a normalización do uso da lingua galega na administración local.
- g) Asistencia técnica en materia de obras, servizos públicos, medio ambiente e urbanismo.

3. Sen prexuízo do anterior, a Deputación Provincial poderá establecer servizos de asistencia de nova creación, adicionais ós regulados nesta ordenanza. Ata tanto non dispoñan de normativa específica, estes servizos rexeranse supletoriamente polo establecido nesta ordenanza, no que lles sexa de aplicación.

4. Son beneficiarios do servizo de asistencia da Deputación Provincial os concellos da provincia de Ourense, especialmente os de menor capacidade técnica, económica ou de xestión, así como o resto de entidades locais existentes na provincia. En caso de imposibilidade para atender demandas simultáneas de servizos, outorgaráselles prioridade ós concellos de menor capacidade económica.

Artigo 2º.- Principios xerais do servizo de asistencia.

A acción provincial en materia de asistencia a entidades locais axustarase en todo momento ós seguintes principios:

a) Respecto á autonomía municipal, en virtude do cal a prestación de asistencia non comprometerá, en ningún caso, o dereito dos gobernos locais beneficiarios a adoptar, baixo a súa responsabilidade, as decisións políticas que consideren oportunas para a xestión dos asuntos da súa competencia.

b) Igualdade de trato e non discriminación, en virtude dos que o servizo de asistencia se prestará, nos termos previstos nesta ordenanza, a calquera goberno local que o solicite, sempre que se cumpran os requisitos regulamentarios establecidos con carácter xeral para o acceso ó servizo, e sen prexuízo da posibilidade de outorgarlles prioridade ós concellos de menor capacidade económica, en caso de imposibilidade de prestación simultánea dos servizos solicitados.

c) Neutralidade, en virtude do cal, o servizo de asistencia non poderá ser prestado nos supostos de conflitos entre distintas entidades locais da provincia de Ourense, agás cando os gobernos locais interesados soliciten, de común acordo, a emisión de informes, ditames ou estudos sobre a controversia suscitada.

d) Transparencia, en virtude do cal as entidades locais e os cidadáns en xeral terán dereito a coñecer-los servizos prestados pola administración provincial ós concellos e demais entidades locais.

e) Eficacia e eficiencia, en virtude dos cales o goberno provincial procurará sempre a utilización das fórmulas organizativas e de xestión que permitan acadar unha maior calidade do servizo e un maior grao de cumprimento dos obxectivos, co menor custo.

f) Planificación e programación, en virtude dos cales as accións asistenciais da Deputación Provincial deberán responder a plans e programas elaborados coa participación dos concellos, nos que se determinarán obxectivos concretos e se establecerán os medios precisos para a súa consecución.

g) Principio de supletoriedade ou complementariedade, en virtude do cal a asistencia suplirá ou complementará actuacións ou actividades municipais, nas que en todo caso a decisión política lle corresponderá en exclusiva ó goberno local interesado.

h) Principio de petición municipal, polo que a intervención da administración provincial nunca se producirá de oficio, debendo ser solicitada polo goberno local interesado.

i) Principio de capacidade económica, en virtude do cal terán carácter prioritario as entidades locais de menor capacidade económica, nos supostos de imposibilidade de prestación simultánea dos servizos solicitados.

Artigo 3º.- Do financiamento do servizo de asistencia.

1. O custo dos servizos de asistencia será financiado, como regra xeral, pola Deputación Provincial, con cargo ós seus fondos propios e sen repercusión de custos para as entidades locais beneficiarias, sen prexuízo da posibilidade de obter financiamento alleo procedente da Comunidade Autónoma, da Administración Xeral do Estado, da Unión Europea ou doutras entidades para a prestación dos servizos.

2. Non obstante o anterior, a Deputación Provincial poderá establecer taxas ou prezos públicos para determinados servizos, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das facendas locais, e sempre sobre a base de estudos económicos de custos que reflectan a orixe das tarifas que se establezan. No suposto de establecemento de prezos públicos, os posibles excesos sobre o custo do servizo deberán ser destinados pola Deputación á mellora dos servizos prestados.

3. En todo caso, exceptúanse da posibilidade de imposición de taxas ou prezos públicos os seguintes servizos de asistencia:

- A garantía do exercicio das funcións reservadas a funcionarios de administración local con habilitación estatal, agás no



suposto en que a necesidade deste servizo obedeza a causas imputables ó goberno local solicitante. Para estes efectos, en ningún caso se considerará que a necesidade do servizo obedece a causas imputables ó goberno municipal no suposto de concellos legalmente eximidos do deber de mantemento deste tipo de postos de traballo.

- A supervisión de proxectos de investimentos incluídos en plans provinciais de cooperación ás obras e servizos municipais.

- A realización de consultas de simple trámite ou orientación.

- A participación de empregados públicos provinciais en órganos colexiados de carácter técnico, tales como tribunais de selección de persoal, mesas de contratación, comisións de valoración e similares, sen prexuízo do dereito dos empregados públicos afectados á percepción das axudas de custo e indemnizacións que, se é o caso, procedan.

- A prestación de calquera servizo de asistencia a municipios que se atopen por debaixo dos limiares demográficos, orzamentarios ou baseados noutros indicadores obxectivos que, de se-lo caso, sinalen os plans provinciais de asistencia ou as correspondentes ordenanzas fiscais ou de prezos públicos.

Artigo 4º.- Dos modos de xestión dos servizos de asistencia.

1. Para a prestación dos distintos servizos de asistencia, a Deputación Provincial poderá empregar calquera das formas de xestión dos servizos públicos previstas na lexislación de réxime local, así como realizar contratos de servizos, consultoría e asistencia técnica con empresas externas.

2. Non obstante, naqueles supostos de servizos nos que a prestación realizada implique exercicio de autoridade ou a realización de funcións reservadas a persoal funcionario, a Deputación só poderá empregar medios de xestión directa, excluíndose a posibilidade da prestación mediante sociedades mercantís provinciais.

3. En todo caso, a prestación do servizo mediante o recurso a empresas externas só procederá nos casos en que esta fórmula se teña adoptado con carácter xeral para determinado tipo de asistencias, e nunca como fórmula senlleira en casos illados.

Título II: Dos servizos de asistencia

Capítulo 1º: Da asistencia para o exercicio das funcións reservadas a funcionarios de administración local con habilitación estatal

Artigo 5º.

1. A asistencia a entidades locais para garanti-lo exercicio das funcións legalmente reservadas a funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal comprenderá as seguintes prestacións:

a) A autorización de comisións circunstanciais a funcionarios con habilitación estatal integrados no cadro de persoal da Deputación Provincial para a cobertura básica das funcións legalmente reservadas ós postos de traballo reservados a este tipo de funcionarios, nos supostos de vacante, ausencia temporal ou enfermidade dos titulares dos correspondentes postos de traballo, e sempre e cando non sexa posible ou implique graves trastornos para os servizos municipais a cobertura provisional das ditas funcións mediante acumulación, nomeamento provisional, nomeamento interino ou comisión de servizos.

b) A cobertura, con carácter permanente, das ditas funcións, exclusivamente nos concellos legalmente eximidos do deber de mantemento dos correspondentes postos de traballo.

c) A realización, por parte dos habilitados estatais do cadro de persoal da Deputación Provincial, de tarefas de apoio ós habilitados estatais dos concellos en entidades locais, consistentes na elaboración de estudos e informes ou na asistencia para a xestión de procedementos administrativos.

2. Nos supostos previstos nos apartados 1.a) e b), a prestación do servizo levarase a cabo de acordo coas seguintes condicións xerais mínimas:

a) O concello ou entidade local beneficiario deberá proceder, sempre que sexa posible, ó nomeamento accidental dun funcionario debidamente capacitado, que, baixo o asesoramento dun habilitado estatal designado pola Presidencia da Deputación, asumirá as funcións de trámite ordinario propias do posto de traballo de que se trate. O asesoramento poderá prestarse por vía telefónica, telemática ou mediante a realización de visitas informativas periódicas, e adaptarse ás necesidades existentes en cada caso.

b) A Deputación Provincial conferirá as comisións circunstanciais que sexan precisas para o desempeño directo, por parte dun habilitado estatal do seu cadro de persoal, de todas aquelas funcións reservadas que, pola súa complexidade, especialidade técnica ou dificultade, non poidan ser desenvolvidas polo funcionario local accidentalmente nomeado. Os supostos en que proceda a comisión circunstancial determinaranse á vista das necesidades existentes en cada caso.

c) Naqueles casos nos que non sexa posible o nomeamento accidental dun funcionario da entidade local beneficiaria, a Deputación Provincial determinará a asistencia permanente á entidade local, cunha periodicidade mínima dun día á semana, dun habilitado estatal do seu cadro de persoal en comisión circunstancial, sen prexuízo da posibilidade do desempeño das funcións permanentemente a través de medios telemáticos, cando tecnicamente sexa posible.

En todo caso, estas condicións terán o carácter de mínimas, e só excepcionalmente, - en caso de imposibilidade xustificada da prestación nas ditas condicións - a Deputación poderá, polo tempo indispensable ata a reposición do servizo ás condicións xerais, establecer condicións especiais que impliquen unha menor calidade do servizo. Sen prexuízo do anterior, cando a demanda o permita, a Deputación poderá mellora-las condicións de prestación deste servizo, de acordo cos plans e programas de asistencia previstos no Título III desta ordenanza.

Artigo 6º.-

Nos supostos de demandas concorrentes do servizo que impossibiliten a súa prestación simultánea ou que esixan o establecemento de condicións especiais de prestación, daráselles preferencia ás peticións das entidades locais que se indican a continuación, por orde de prioridade:

1º) Concellos legalmente eximidos do deber de mantemento dos postos de traballo.

2º) Concellos que se atopen en situacións de especial perentoriedade da necesidade do servizo.

3º) Concellos, en xeral, con preferencia daqueles que teñan un orzamento menor, sempre que a carencia de habilitados estatais non sexa debida a causas imputables ó goberno municipal.

Artigo 7º.-

Para a prestación do servizo regulado neste capítulo, a Deputación Provincial creará, no seu cadro de persoal e na relación de postos de traballo, os postos reservados a habilitados estatais que sexan precisos para a cobertura das necesidades existentes, de conformidade co disposto nos plans anuais de asistencia.

Capítulo 2º: Da asistencia xurídica e administrativa

Artigo 8º.-

1. A asistencia xurídica abarcará os seguintes servizos:

a) Calquera tipo de asesoramento xurídico que se solicite polos concellos e demais entidades locais beneficiarias do servizo, sobre cuestións que teñan relación directa coas compe-



tencias municipais. Este asesoramento efectuarase mediante a contestación de consultas, comunicacións e visitas informativas, redacción de informes, ditames e propostas de resolucións de índole xurídica.

b) A defensa dos concellos e entidades locais nos procedementos administrativos e xudiciais en que sexan parte. A defensa estenderase ós recursos contencioso-administrativos e laborais, sen prexuízo da súa ampliación á xurisdición civil en canto sexa posible, á vista das disponibilidades e recursos humanos da Deputación.

2. A asistencia ós concellos e entidades locais e ós seus cargos electos en vía xurisdiccional penal, así como para a formulación de denuncias ante a Fiscalía, procederá unicamente nos supostos seguintes:

a) Procedementos penais nos que o concello ou entidade local interesada se constituía en denunciante ou acusador particular, ó se-la vítima do presunto delito ou falta de que se trate.

b) Procedementos penais nos que o concello ou entidade local interesada se constituía en parte autora civil.

c) Procedementos penais nos que o concello ou entidade local se constituía en parte acusadora en exercicio da acción popular.

d) Procedementos nos que os cargos electos locais concorran como denunciante ou partes acusadoras, ó ter sido vítimas de presuntos delitos ou faltas por razón do exercicio dos seus cargos públicos locais.

e) Procedementos nos que os cargos electos locais sexan imputados por presuntos delitos ou faltas cometidos no exercicio das súas funcións. Nestes supostos a asistencia prestarase, sen prexuízo de que, no caso de resultar total ou parcialmente condenado o cargo electo, se lle imponha o pagamento do prezo público establecido para o efecto. Para o acceso ó servizo, o interesado deberá constituír aval ou garantía equivalente por importe do 100 % do custo da defensa letrada solicitada. En todo caso, non procederá a prestación deste tipo de asistencia en supostos de flagrante delito, nin cando a acción penal sexa exercida pola Deputación Provincial ou por membros da Deputación Provincial, por membros da entidade local afectada, pola propia entidade local ou por calquera partido, federación ou coalición con representación política na Deputación ou na entidade local afectada.

Nos supostos previstos nos apartados c) e d), o servizo de asistencia poderá denegarse pola Presidencia cando, segundo o informe dos servizos xurídicos provinciais, a denuncia ou acción exercida teña carácter temerario ou careza manifestamente de fundamento legal.

Artigo 9º.-

A asistencia administrativa comprenderá a elaboración de modelos de documentos administrativos de todo tipo, así como a xestión e instrución técnica de procedementos administrativos.

Artigo 10º.-

O nomeamento do procurador e o aboamento dos seus honorarios será por conta do concello ou entidade local interesada.

Artigo 11º.-

Anualmente, os plans provinciais de asistencia a municipios e entidades locais poderán preve-la prestación de servizos especiais de asistencia xurídica e administrativa, tales como a elaboración de modelos de documentos administrativos de especial complexidade (ordenanzas tipo, pregos xerais de condicións contractuais e outros análogos) a elaboración de instrumentos de ordenación e planificación dos recursos humanos, elaboración e actualización de inventarios de bens e dereitos ou a elaboración de protocolos de xestión de procedementos administrativos, entre outros.

Artigo 12º.-

Exceptúanse da asistencia xurídica e administrativa as actuacións e os procedementos xudiciais ou administrativos tendentes á resolución de conflitos de calquera clase nos que sexa parte a propia Deputación ou outras entidades locais da provincia, así como os supostos nos que o exercicio de accións administrativas ou xudiciais sexa promovido por membros das corporacións locais.

Non obstante o anterior, nos supostos de conflito entre distintas entidades locais da provincia procederá a prestación do servizo de asistencia xurídica na súa modalidade de emisión de informes ou ditames cando esta prestación sexa solicitada de xeito conxunto por tódalas entidades locais interesadas.

Capítulo 3º: Da asistencia á xestión económico-financieira e orzamentaria

Artigo 13º.-

A asistencia económica abarcará calquera tipo de asesoramento económico-financieiro, incluíndo a contestación de consultas, comunicacións e visitas informativas, redacción de informes, estudos, ditames e propostas de resolución de índole económica.

Será de aplicación o disposto no artigo 13 no suposto en que o asesoramento económico, financieiro ou orzamentario estea relacionado coa existencia dun conflito entre entidades locais, excluíndose, en todo caso, a posibilidade deste asesoramento cando a propia Deputación Provincial sexa parte interesada.

Capítulo 4º: Da asistencia informática e nas novas tecnoloxías.

Artigo 14º.-

1. A asistencia en materia de informática e novas tecnoloxías abranguerá os seguintes aspectos:

- Asistencia técnica na instalación, uso e mantemento de aplicacións, bases de datos e ferramentas informáticas en xeral.
- Asistencia e asesoramento para a adquisición ou deseño de programas, aplicacións ou bases de datos en xeral.

2. Os plans provinciais de asistencia a municipios e entidades locais concretarán, anualmente, as prestacións de asistencia técnica dispoñibles das relacionadas no apartado 1, especificando as características técnicas das aplicacións e ferramentas que constituían o seu obxecto. Igualmente, estes plans incluírán as actuacións específicas de asistencia en materia de informática e novas tecnoloxías dirixidas ás entidades locais da provincia, en función das necesidades e disponibilidades de cada exercicio.

Capítulo 5º: Da asistencia técnica en materia de obras, servizos públicos, medio ambiente e urbanismo.

Artigo 15º.-

1. A asistencia técnica en materia de obras, servizos públicos, medio ambiente e urbanismo abarcará, entre outras, as seguintes prestacións:

a) Emisión de ditames e informes técnicos, en relación coas obras, construcións e servizos da competencia ou propiedade local.

b) Emisión de informes ou ditames técnicos nos procedementos de elaboración de instrumentos de planeamento e xestión urbanística e nos procedementos de outorgamento de autorizacións urbanísticas ou medioambientais de competencia local.

c) Supervisión de proxectos técnicos locais

d) Redacción e dirección facultativa de proxectos técnicos de obras municipais, nos termos recollidos nos plans provinciais anuais de asistencia. Para estes efectos, os plans anuais recollerán a tipoloxía e número de proxectos que poderán ser elaborados ou asumida a súa dirección técnica polos servizos provinciais, establecendo, de se-lo caso, os criterios para a deter-



minación dos concellos beneficiarios, mediante procedementos de concorrencia pública.

2. Anualmente, os plans provinciais de asistencia a municipios e entidades locais recollerán, se é o caso, programas específicos de asesoramento e asistencia técnica en materia de xestión de obras e servizos e medio ambiente, que poderán incluí-la prestación doutros servizos técnicos especializados nas materias de urbanismo, medio ambiente, obras e servizos públicos municipais, establecendo, se é o caso, as fórmulas de xestión e financiamento destes servizos especializados de asistencia.

3. Será de aplicación o disposto no artigo 13 no suposto en que o asesoramento técnico teña relación coa existencia dun conflito entre entidades locais, excluíndose, en todo caso, a posibilidade deste asesoramento cando a propia Deputación Provincial sexa parte interesada.

Capítulo 6º: Da asistencia en materia de formación.

Artigo 16º.-

A asistencia en materia de formación continua de persoal e cargos electos locais prestarase mediante a organización e impartición, por parte da Deputación Provincial, de accións formativas dirixidas ó persoal das entidades locais e ós seus cargos electos.

As accións formativas programaranse anualmente a través dun plan provincial de formación, elaborado coa participación das organizacións sindicais e das entidades locais interesadas, no marco dos acordos nacionais en materia de formación continua.

Capítulo 7º: Da asistencia para normalización lingüística

Artigo 17º.-

1. A Deputación Provincial facilitaralles ás entidades locais interesadas a asistencia que proceda para a normalización lingüística e utilización do idioma galego na actividade administrativa, nos termos que prevexan anualmente os plans provinciais de asistencia.

2. En todo caso, garántese a prestación dos seguintes servizos de asistencia:

- Resolución de consultas sobre o uso da lingua galega.
- Tradución e corrección de documentos para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos previstos na Ordenanza reguladora deste diario oficial.

Título III: Do procedemento, organización, planificación e programación dos servizos de asistencia.

Capítulo I: Do procedemento de acceso ó servizo

Artigo 18º.

1. Con carácter xeral, o acceso ó servizo de asistencia realizarase mediante pedimento asinado polo alcalde ou presidente da entidade local interesada, dirixido ó Presidente da Deputación Provincial, no que se especificará o obxecto da asistencia solicitada. Coa solicitude achegarase copia do expediente administrativo correspondente, ou dos antecedentes documentais precisos para prestación do servizo. No suposto de solicitudes de supervisión de proxectos, achegarase un exemplar do proxecto técnico correspondente.

A solicitude poderá formularse por escrito ou por vía telemática, unha vez que este medio se atope tecnicamente dispoñible.

2. Nos supostos de solicitude de defensa en procedementos xudiciais ou administrativos acompañaráselle á petición certificación do acordo de exercicio das accións correspondentes adoptado polo órgano competente.

3. A Deputación Provincial elaborará modelos normalizados de solicitude dos servizos de asistencia, co fin de facilitarlle-lo pedimento dos servizos ás entidades locais interesadas.

4. Non obstante o anterior, as consultas de mero trámite ou de simple orientación poderán formularse verbalmente, por vía telefónica ou mediante correo electrónico.

Artigo 19º.

1. A asistencia solicitada entenderase concedida, con carácter xeral, de xeito automático, remitíndoselle a solicitude á unidade administrativa competente, para a súa resolución.

2. Non obstante o anterior, requirirá autorización previa, concedida mediante resolución da Presidencia, a prestación de asistencia nos seguintes supostos:

- a) A prestación de asistencia xurídica en materia penal.
- b) A prestación de asistencia en procedementos ou situacións de conflitos entre distintas entidades locais.
- c) A asistencia para o desenvolvemento de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal.
- d) A prestación de servizos de asistencia que esixa o desprazamento do persoal provincial ós concellos ou entidades locais interesadas.
- e) A prestación de servizos de asistencia, nos supostos de imposibilidade de atención simultánea de distintas solicitudes en que sexa preciso establece-la orde de prioridades no outorgamento do servizo.

3. Nos supostos en que a prestación da asistencia consista na emisión de informes ou a elaboración de documentos administrativos, estes remitiráselle á entidade local beneficiaria no prazo máximo de dez días hábiles. No resto de supostos, a prestación da asistencia realizarase no prazo necesario para garantir a súa efectividade, ou nos prazos específicos que sinala o plan provincial de asistencia.

Artigo 20º.

Os plans provinciais de asistencia poderán establecer procedementos específicos para o acceso ós servizos de asistencia que prevexan, que poderán consistir en convocatorias mediante concorrencia competitiva, procedementos de adhesión a convenios ou outros procedementos axeitados, segundo a índole da asistencia en cada caso.

Capítulo 2º: Da organización do servizo

Artigo 21º.

1. A prestación do servizo de asistencia, cando se leve a cabo mediante medios propios da Deputación, corresponderalles ás unidades administrativas ás que a Relación de postos de traballo encomende esta función.

2. As funcións de asistencia poderanse encomendar a unidades administrativas específicas ou ben a unidades administrativas destinadas a funcións propias da Deputación que, por razón da materia, posúan os medios e a especialización necesaria para prestar unha asistencia de calidade nas súas distintas modalidades.

En todo caso, a Deputación procurará optimizar os medios dispoñibles para asistencia a municipios, de acordo co principio de eficiencia, evitando a creación de unidades administrativas adscritas en exclusiva ó servizo de asistencia, agás naqueles casos en que exista unha demanda obxectivamente suficiente que xustifique a súa existencia.

3. Nos supostos en que a prestación de asistencia corresponda a varias unidades administrativas, a súa coordinación corresponderalle ó xefe común das ditas unidades ou, na súa ausencia, ó posto de traballo que designe a Presidencia en cada caso.

Capítulo 3º: Dos plans provinciais de asistencia a municipios e entidades locais.

Artigo 22º.-

1. A Deputación Provincial elaborará e aprobará, con carácter anual e previamente ó inicio do exercicio ó que sexa de aplica-



ción, un plan provincial de asistencia a municipios e entidades locais, co contido seguinte:

- a) Avaliación de necesidades asistenciais dos concellos e entidades locais da provincia.
- b) Determinación das prioridades de asistencia para o exercicio.
- c) Avaliación dos medios precisos para a prestación dos servizos de asistencia considerados prioritarios.
- d) Programa de actuacións anual, detallando as prestacións asistenciais que se levarán a cabo, así como os procedementos e condicións para a súa execución.

2. A avaliación das necesidades asistenciais realizarase a partir de enquisas e da análise de datos sobre os medios dispoñibles polos concellos e entidades locais e a súa comparación coas funcións de competencia municipal.

3. O plan anual terá carácter xeral, e abranguerá as distintas modalidades de asistencia recollidas na presente ordenanza.

4. Sen prexuízo do plan anual, a Deputación Provincial poderá elaborar, cando se considere preciso, plans especiais relativos a servizos de asistencia específicos, que poderán ter carácter plurianual.

Artigo 23º. -

1. O procedemento de elaboración do plan contará coa participación dos concellos e demais entidades locais interesadas, e constará de dúas fases:

1ª) Fase de avaliación: na que se procederá á recollida dos datos necesarios para a avaliación das necesidades das entidades locais, mediante enquisas que lles serán remitidas ás ditas entidades locais e mediante a toma de datos por parte dos servizos provinciais. Coa información recollida, os servizos provinciais elaborarán un documento de avaliación de necesidades, que conterá unha proposta xeral de fixación de prioridades para facer fronte ás necesidades detectadas. Este documento de avaliación será sometido a informe da comisión informativa competente e, posteriormente, remitido ós concellos e entidades locais, que disporán dun prazo de vinte días hábiles para formula-las alegacións e suxestións que estimen oportunas.

2ª) Fase de programación: unha vez incorporadas as alegacións e suxestións dos concellos ó expediente, os servizos provinciais procederán á elaboración dun proxecto detallado de plan, incluíndo un programa de actuacións concreto que se someterá a informe da comisión informativa competente. Unha vez informado favorablemente pola comisión, remitirase ós concellos e entidades locais para a formulación de alegacións ou suxestións, por prazo de vinte días hábiles. De non existir alegacións, o documento someterase directamente ó Pleno da Deputación. De existir alegacións ou suxestións, estas serán informadas pola comisión competente, elevándose o proxecto final ó Pleno para a súa aprobación.

2. O plan definitivamente aprobado será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral.

3. No primeiro trimestre do exercicio seguinte ó da execución do plan, os servizos provinciais elaborarán un informe sobre o seu grao de execución e as incidencias e insuficiencias detectadas, no que, se é o caso, se conterá unha proposta para a corrección das deficiencias advertidas, para a súa toma en consideración en plans posteriores.

4. Os plans especiais elaboraranse seguindo o mesmo procedemento establecido para o plan anual.

5. As previsións dos plans de asistencia recolleranse, cando proceda, nos orzamentos anuais e na relación de postos de traballo da Deputación Provincial.

Disposición derogatoria. -

Queda derogado o Regulamento do servizo de asistencia técnica, económica e xurídica da Deputación Provincial de Ourense publicado no BOP n.º 231, do 6 de outubro de 1993.

Disposición última. -

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorresen os prazos establecidos no artigo 70 da Lei reguladora das bases do réxime local.

Ourense, 7 de febreiro de 2008. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

## Diputación Provincial de Ourense

### Anuncio

La Corporación Provincial, en sesión de 21 de diciembre de 2007, aprobó inicialmente la Ordenanza provincial reguladora del servicio de asistencia a entidades locales.

Una vez sometida a información pública, mediante anuncio insertado en el BOP n.º 299, de 31 de diciembre de 2007, durante el plazo de 30 días hábiles, no se formuló ninguna alegación o reclamación, quedando aprobada definitivamente, por lo que se publica a continuación el texto íntegro de dicha ordenanza.

Ordenanza reguladora del servicio de asistencia a entidades locales de la Diputación Provincial de Ourense

El actual diseño institucional de las diputaciones provinciales de régimen común configura a estos gobiernos locales intermedios como organismos orientados, de forma principal (aunque no exclusivo), a servir de apoyo a los ayuntamientos para garantizar la prestación integral y adecuada de los servicios de competencia municipal en el conjunto del territorio. El elemento más claro de este diseño es, sin duda, la propia composición de la diputación provincial como una corporación de segundo grado, integrada exclusivamente por concejales elegidos por y entre si en cada distrito judicial. Son los concejales, y no los ciudadanos, los que eligen a los diputados provinciales, lo que revela la clara vocación municipalista de la diputación provincial.

Para la realización de esta función, la legislación básica de régimen local asigna a las diputaciones provinciales distintas competencias, que abarcan un variado abanico de actuaciones. Así, el artículo 36 de la Ley de bases de régimen local atribuye a las diputaciones la "coordinación de los servicios municipales entre si para la garantía de su prestación integral y adecuada" (coordinación que debe entenderse en el sentido de una "coordinación cooperativa", y no de una coordinación en el sentido pleno del término) y "asistencia y cooperación económica, técnica y jurídica a los municipios, especialmente a los de menos capacidad económica y de gestión" (artículo 36.1. a) y b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local). Por su parte, la legislación gallega de régimen local reproduce esos títulos competenciales, limitándose a un mínimo desarrollo normativo que, en lo que afecta a los servicios provinciales de asistencia, se ciñe a una enumeración genérica de sus contenidos esenciales.

Dentro de estas funciones de apoyo a los ayuntamientos que la legislación de régimen local les atribuye a las diputaciones pueden distinguirse dos modalidades de acción provincial substancialmente diferentes entre si: de una parte, la cooperación propiamente dicha, y de otra la prestación de los servicios de asistencia. La función provincial de asistencia consiste, esencialmente, en facilitar a los ayuntamientos una serie de prestaciones especializadas, de carácter técnico,